

FISIOTERAPIA XERAL 2

Pablo Campo Prieto, Gustavo Rodríguez Fuentes (coordinador) e docente de lista de agarda.

Curso 2024-25

Clases teóricas: martes e xoves de 15:45 a 17:45 horas.

Clases prácticas: luns, martes, mércores e xoves de 9:30 a 13:30 horas.

VALORACIÓN DA MATERIA

Á hora de valorar a materia, haberá 2 opcións básicas: avaliación continua e avaliación global. En ámbolos dous casos, para superar a materia, terase que acadar, polo menos, **5 puntos sobre os 10** posibles.

A distribución global da cualificación da materia NO CASO DE AVALIACIÓN CONTINUA pódese observar no seguinte esquema:

	Porcentaxe	Puntos
Exame tipo test	10%	1
Exame teórico 1	20%	2
Exame teórico 2	15%	1,5
Exame práctico	40%	4
Traballo	15%	1,5
TOTAL	100%	10

Para aprobar a materia, o/a estudante deberá acadar 5 puntos nunha escala de 0 a 10 en cada unha das partes.

Para **facen media** dentro da parte teórica terase que acadar, cando menos, un 4 en cada un dos exames; na parte práctica, un 4 en cada unha das preguntas. Para facer media entre a teoría, a práctica e o traballo, terase que acadar, cando menos, un 5 en cada unha das partes.

O **exame tipo test** estará conformado por 20 preguntas de resposta única (duración máxima de 25 minutos), todas elas co mesmo valor. Para superalo, o/a estudante terá que acadar, cando menos, 0,5 puntos (corresponde a un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos). Por outra parte, sinalar que as deixadas en branco non descontarán, pero si o farán as contestacións erradas tal e como se indica na seguinte fórmula:

$$\text{Cualificación} = [\text{acertos} - (\text{erros}/\text{n}^\circ \text{ opcións}-1) / \text{n}^\circ \text{ preguntas}] \cdot 10$$

Este exame farase na 7ª semana de docencia (13 de marzo) no horario da materia e será sobre os contidos impartidos polo profesor Rodríguez Fuentes.

Ademais, haberá outras dúas probas teóricas de preguntas de desenvolvemento: os **exames teóricos 1 e 2**. Estes exames serán de preguntas curtas¹, a cargo do profesor Campo Prieto, de 5 preguntas o exame teórico 1 (realizarase na 11ª semana de docencia, 10 de abril) e de 3 preguntas o teórico 2 (na 15ª semana de docencia, 15 de maio), a cargo do/a docente de lista de agarda.

Todas as preguntas terán o mesmo valor, valorándose dentro da escala de 0 a 10 puntos cada unha delas, pero despois ponderaranse á porcentaxe sinalada. Por outra parte, os exames terán unha duración de 60 minutos o teórico 1 e de 35 minutos o teórico 2 como máximo.

Para superar estes exames, o/a estudante terá que acadar, cando menos, 1 punto no teórico 1 e 0,75 puntos no teórico 2 (corresponden a un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos).

O **exame práctico**, pola súa parte, consistirá en dar resposta práctica a 4 supostos clínicos dos vistos durante o cuadrimestre elixidos ao azar polo/a estudante: 1 suposto será da parte impartida polo prof. Rodríguez Fuentes, 1 polo prof. Campo Prieto e 2 polo/a docente de lista de agarda. Cada pregunta será valorada de 0 a 10 puntos. A cualificación final total obtida pasarase logo á escala que corresponda (de 0 a 4 puntos -40% da cualificación final-).

En relación á avaliación dos contidos prácticos, ao exame práctico poderase presentar o/a alumno/a que se presentou primeiro aos teóricos.


¹ As preguntas curtas son ben de relacionar conceptos, ben de aplicación nunha situación concreta ou ben sobre contidos específicos.

O **traballo** terá un valor máximo sobre a nota final de 1,5 puntos, coas seguintes consideracións:

- É obrigatorio a súa realización para superar a materia.
- Elaborarase un **protocolo de aplicación** a partir dun caso clínico proposto polos docentes (1 punto) + unha **infografía** sobre un aspecto teórico ou práctico da materia (0,5 puntos).
- Serán de realización individual, pero o protocolo de aplicación avaliarase dentro dun grupo. Sobre a avaliación e as características dos traballos, véxase a *Guía Docente* da materia, así como os documentos específicos sobre o traballo da materia e as rúbricas de valoración.
- Para a superación do traballo, o/a estudante deberá acadar, cando menos, 0,5 puntos no protocolo de aplicación e 0,25 puntos na infografía.
- Tódolos profesores da materia serán responsables dalgunha parte dos traballos da materia.
- Quen non aprobe o traballo, na convocatoria de 2ª oportunidade terá que facer un traballo individual consistente en elaborar un protocolo de aplicación e unha infografía para un novo caso clínico a proposta do/a docente da materia. Neste caso, o traballo de protocolo clínico non terá unha valoración en grupo, senón que dependerá exclusivamente da avaliación feita polo/a docente responsable da súa valoración.

En caso de non aprobar a materia, os exames superados (un 5 ou máis) gardaranse para a convocatoria de segunda oportunidade. Ademais, no caso de que o/a alumno/a non aprobe cada unha das partes da materia, e aínda que a media dea unha cualificación de aprobado, este/a suspenderá a materia e se lle porá no acta unha cualificación de 4,5.

Pola súa parte, a distribución global da cualificación da materia NO CASO DE AVALIACIÓN GLOBAL pódese observar no seguinte esquema:

Nos distintos compoñentes, o/a alumno/a deberá acadar 5 puntos na escala de 0 a 10 puntos para poder dalos por superados.			
		Porcentaxe	Puntos
	Exame teórico	45%	4,5
	Exame práctico	45%	4,5
	Traballo	10%	1
	TOTAL	100%	10

O **exame teórico**, pola súa parte, estará conformado por un exame de 10 preguntas de desenvolvemento curtas. Todas as preguntas terán o mesmo valor, valorándose dentro da escala de 0 a 10 puntos cada unha delas, pero despois ponderaranse á porcentaxe sinalada (45%), e o exame terá unha duración de 90 minutos como máximo.

As 10 preguntas cortas serán: 2 dos contidos impartidos polo prof. Rodríguez Fuentes, 5 polo prof. Campo Prieto e 3 polo/a docente de lista de agarda. A cualificación obtida fará media co exame práctico sempre e cando se acadase, cando menos, un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos.

O **exame práctico** consistirá en dar resposta práctica a 4 aplicacións das vistas durante o cuadrimestre elixidas ao azar polo/a alumno/a coas mesmas condicións que as descritas na avaliación continua. O valor deste exame será dun 45% do total da cualificación da materia.

Para presentarse ao exame práctico, o/a alumno/a terá que presentarse primeiro ao teórico.

A cualificación obtida fará media co exame teórico sempre e cando se acadase, cando menos, un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos.

O **traballo** terá un valor máximo no caso de avaliación global sobre a nota final de 1 punto, coas seguintes consideracións:

- É obrigatorio a súa realización para superar a materia.
- Elaborarase un **protocolo de aplicación** a partir dun caso clínico proposto polos docentes (0,5 puntos e non contará cunha valoración en grupo tal e como se indicaba no caso de avaliación continua) + unha **infografía** sobre un aspecto teórico ou práctico da materia (0,5 puntos).

- Para a superación do traballo, o/a estudante deberá acadar, cando menos, 0,25 puntos en cada unha das partes.
- Serán de realización individual. Sobre a avaliación e as características dos traballos, véxase a *Guía Docente* da materia, así como os documentos específicos sobre o traballo da materia e as rúbricas de valoración.
- Quen non aprobe o traballo, na convocatoria de 2ª oportunidade terá que facer un novo traballo individual tal e como xa se describiu anteriormente, na avaliación continua.

Ao alumnado que non supere a materia, gardaráselle a parte superada para a convocatoria de segunda oportunidade do mesmo ano académico (parte superada significa ter no exame un 5 sobre 10 ou máis).

No caso de que o/a alumno/a non aprobe cada unha das partes da materia (teoría, práctica e traballo), e aínda que a media dea unha cualificación de aprobado, suspenderá a materia e se lle porá no acta unha cualificación de 4,5.